A ACTUALIDADE DO MOTOR Santiago de Compostela – [SETEMBRO05] Nº 103 - ANO X

Facendo camiño co Alfa Romeo CROSSWAGON



>> Páxs. 8 e 9

Audi Q7 Hybrid, "verde" e rápido
>> Páx. 3

Futuro Seat Altea FR
>> Páx. 7

Os novos sistemas de asistencia á condución (I)
>> Páx. 10

36 Rali de Ferrol
>> Páx. 12

Transportistas responsables

Redacción
SPRINT MOTOR

"Camioneiro: persoa que conduce un vehículo automóbil grande, de catro ou máis rodas, que se utiliza para transportes pesados". Así define a Real Academia Galega ós membros deste colectivo de traballadores, que habitualmente realizan longas e agotadoras xornadas laborais e que non figuran entre os profesionais máis remunerados. Por estas e outras razóns, existe unha maioritaria consideración social cara ó labor e a capacidade de sacrificio dos camioneiros. Pero como en tódolos oficios, existen bos, regulares e malos profesionais. Entre os mellores estarían aqueles transportistas autónomos ou empresas que cumpren escrupulosamente cun aspecto básico que afecta a tódolos condutores: a seguridade. E neste sentido é máis habitual do desexable encontrar aínda algunhas carencias que poden provocar situacións de risco para os usuarios das estradas.

Demasiadas veces pódese comprobar como camións-volquete que transportan terra ou area de obras van botando parte da súa carga por fóra. Eses minúsculos croios ou partículas de area que caen na calzada ou nos vehículos que circulan detrás son elementos que claramente supoñen un perigo para a circulación. O seu contacto co asfalto adoita converte-lo tramo de vía afectado nunha pista de xeo. O uso de lonas que recobren todo tipo de cargas debería aplicarse como norma común tanto se os camións van cheos coma baleiros. Cada camioneiro e cada empresa do sector terían que concienciarse en antepoñe-la seguridade propia e a do resto de usuarios das estradas sobre a rapidez de inicio do transporte de material. Tal vez a medida serviría para evitar máis perigos dos necesarios nas vías públicas.

Sprint MOTOR

Editor: Sprint Motor
Director: Xurxo Sobrino Morán
Redactores e Colaboradores:
Miguel Cumbraos, Ramón Novo, Juan P. Nartallo, Sevi Martínez, César Raña, Manolo Barreiro, Félix Doce, Fernando Cuadrado, Xabier Vilariño e Rodrigo Medina.

Deseño e maquetación: *AURADISEÑO*
auradiseno@wanadoo.es

SPRINT MOTOR: Urb. San Sadurniño • Rúa B, nº 21
Tfno. e Fax 981 801 458 • **sprintmotor@yahoo.es**

IMPRIME: Grupo Correo Gallego
Depósito Legal: C–138/97

NEUMATICOS PERNAS
VENDA, REPARACIÓN, MONTAXE E EQUILIBRADO
ALIÑADO ELECTRÓNICO
LAMIAS DE ALIAXE LIXEIRA
FIRST STOP NEUMÁTICOS Y SERVICIOS Firestone
NEUMÁTICOS PERNAS: Milladoiro. Tel.: 981 53 62 55 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
NEUMÁTICOS PONTEVEA: Pontevea – Teo (A Coruña). Tel.: 981 80 90 49 - Fax: 981 80 91 78

Gran variedad en Desayunos y Platos Combinados
Cafetería
LeAbranza
Montero Ríos, 39 • SANTIAGO
Teléfono 981 593 636

¡Tenemos el bocadillo que más te gusta!
O REI DO BOCADILLO CERVECERIA
Bocadillos
Sandwichs
Hamburguesas
y Pollos Asados
Rosalía de Castro, 23 - Esq. Montero Ríos
Teléfono 981 590 538

Audi Q7 Hybrid, "verde" e rápido

SPRINT MOTOR

Primicia técnica mundial en Frankfurt: por primeira vez, Audi monta un motor con inxección directa de gasolina FSI nun vehículo híbrido. O novo concepto Audi Q7 Hybrid incorpora un propulsor V8 FSI de 4,2 litros con 350 CV de potencia e 440 Nm. Ademais, un motor eléctrico integrado na transmisión aporta pola súa banda un par motor de ata 200 Nm. Este novo concepto debutou no Salón de Frankfurt.

Loxicamente, un Audi con este potencial incorpora a tracción integral permanente quattro, capaz de converter a potencia do motor e o par nun máximo de dinámica de condución e seguridade en todo momento. A transmisión da forza lévase a cabo mediante un cambio tiptronic de 6 relacións.

As prestacións que cabe agardar dun vehículo como o Audi Q7 Hybrid equivalen ás dun deportivo: de 0 a 100 km/h transcorren só 6,8 segundos. Pero máis impresionante é a capacidade de aceleración deste SUV: en 5ª marcha acelera de 80 a 120 km/h en exactamente 7 segundos. O Q7 Hybrid alcanza estes datos tan impresionantes cun peso total de 2.410 kg e un consumo promedio de só 12,01 por cada 100 km, ou o que é o mesmo, case un 13% menos que o modelo básico; a eficiencia da transmisión híbrida de Audi non podería fundamentarse dun modo máis convincente. Todos estes datos foron aportados polo fabricante.

A base das cualidades multiuso deste concepto reside na combinación de potentes motores FSI con propulsores eléctricos, sen esquecer ademais o sistema de xestión intelixente de enerxía que incorpora o Q7 Hybrid. É precisamente este sistema o que permite combinar o potencial óptimo de ambas transmisións de modo que se alcancen insuperables prestacións e a máxima eficiencia ó mesmo tempo.

Honda en Frankfurt

SPRINT MOTOR

Honda presentou no Salón do Automóbil de Frankfurt un interesante cuarterto de modelos. A estrela do stand do fabricante nipón, que fixo o seu debut oficial ante o público só seis meses despois de que se presentase a versión prototipo no Salón do Automóbil de Xenebra. Tamén fixo o seu debut mundial o novo Civic Hybrid, do que se agarda que ofreza un nivel de emisións líder no mundo grazas ó mellorado sistema híbrido de Honda. Tamén expuso unha gamma Accord actualizada e un S2000 renovado, de modo que o stand de Honda ofreceu un bo espectáculo.

Mitsubishi Lancer Evolution VIII Ralliart

Tódolos fabricantes de automóbiles poden presumir de ter un buque insignia entre a súa gamma de produtos, aínda que só uns poucos poden alcanzar a categoría de icono, ou de mito e ese é hoxe en día o "status" do Lancer Evolution a nivel mundial.

O coche favorito para a terra de moitos equipos do WRC e a forza dominante nos ralis do Grupo N (máis do 80% de tódalas carreiras), o Lancer Evolution é o vínculo esencial entre os automóbiles de produción e os coches de competición para Mitsubishi Motors. Unha mostra do seu compromiso co automobilismo deportivo.

Agora MMCE complácese en anunciar que Ralliart, expoñente das mellores preparacións, máquinas e equipos de competición de Mitsubishi, dá nome a unha serie especial e limitada do Lancer Evolution VIII, mellorando a súa potencia ata os 330 CV e o par motor ata os 406 Nm, grazas a uns cambios introducidos:

Unha nova centraliña para a xestión electrónica do motor.

Un novo sistema de escape.

A respiración do motor, montando novos tubos para a admisión e intercooler.

Só serán 15 os afortunados propietarios que poderán gozar das excepcionais sensacións que lles proxectará un motor moito máis brillante grazas á instalación destes novos elementos. Agora esta máquina gañadora recibe 330 CV que de seguro serán ben aproveitados polos seu eficaz e seguro sistema de tracción ás catro rodas.

Este Mitsubishi lendario, que tan só poderán adquirilo un puñado de privilexiados, terá un prezo de 44.000 euros.

Citroën en Frankfurt

Sprint Motor
REDACCIÓN

A marca francesa presentou na cidade alemá unha gamma completa e totalmente actualizada, pragada de innovacións en términos de confort, seguridade e respecto ó medio natural.

Como expoñente máximo da marca, esta presenta o C6, a súa berlina de alta gamma, que ilustra á perfección os seus valores de estilo, innovación e tecnoloxía. O C6 distínguese pola elegancia das súas liñas e o benestar que proporcionan os seus equipamentos: pantalla virtual no parabrisas, alerta de cambio involuntario de carril, faros bixenon autodireccionables, suspensión activa de flexibilidade e amortecemento pilotados e un novo motor diésel V6 HDI de 208 CV equipado con filtro de partículas (FAP).

Citroën expón, así mesmo, unha gamma de vehículos compactos ampliada coa recente comercialización do C1 e coa chegada dun motor HDI 110 FAP no C3, acompañado de evolucións de estilo e equipamento tamén no C2 e no C3 Pluriel.

No que se refire á protección do medio natural, Citroën propón unha gamma de solucións que se ampliará cos vindeiros lanzamentos do C3 Gas Natural e do C2 Stop&Start. Ademais, como eixe desta estratexia, os motores diésel HDI con filtro de partículas (FAP) constitúen a punta de lanza da marca, que continúa desenvolvéndoos para toda a súa gamma de vehículos. Tralos C8, C5, C4 e Xsara Picasso, toca agora beneficiarse desta tecnoloxía ó C3 e o C6. Ata o día de hoxe, Citroën vendeu máis de 200.000 coches equipados con Filtro de Partículas.

Por último, un dispositivo de retención de partículas, montado en postequipamento nos motores HDi sen FAP, estará dispoñible a partir do primeiro semestre do 2006. Baseado nunha tecnoloxía probada, vaise comercializar en Alemaña sobre o Citroën C2, o C3, o Berlingo e o Xsara Picasso.

Por outra banda, a marca desvelou durante o Salón de Frankfurt o concept-car SportLounge. Esta versión orixinal dun vehículo de Gran Turismo segue a liña dos últimos concepts cars, C-AirLounge e C-AirDream, que tamén propoñían enxeñosas e interesantes interpretacións do pracer de conducir e de viaxar.

O airbag chega ás motocicletas

Sprint Motor
REDACCIÓN

Honda desenvolveu os primeiros airbags para motocicletas que se incluirán na produción en serie destes vehículos. Estas bolsas de aire que se activan cando os sensores detectan un choque inminente, estarán dispoñibles no modelo Gold Wing que se comercializará dende a primavera do vindeiro ano en EEUU.

Este novo sistema de seguridade pode axudar a reducir a gravidade das feridas que sofren os motoristas en colisións frontais. Honda incorporaraos no futuro noutros modelos da súa extensa gamma de motocicletas.

O luxo chámase Azure

Bentley presentou en Frankfurt a versión do novo Azure. Este luxoso modelo de catro asentos, que sairá á venda a vindeira primavera, é o último dunha marabillosa liña de vehículos convertibles que se remonta a moitas décadas e reafirma a reputación de Bentley como creador dos convertibles máis elegantes do mundo.

O deseño do novo Azure é, primeiro e o máis importante, inequivocamente Bentley. Comparte o seu aspecto coa gamma actual do Arnage e a súa plataforma garante unha capacidade de confort supremo a catro adultos.

Este exclusivo modelo incorpora un motor biturbo de 8 cilindros (6,75 litros). Este propulsor, a suspensión de dobre trapecio e a estrutura sumamente ríxida da carrozaría do Arnage proporcionan unha base de vangarda para o novo Azure. O biturbo de 8 cilindros subministra unha potencia de 450 CV.

Audi A4 Convertible

Sprint Motor
REDACCIÓN

A marca dos catro aros presentou a nova xeración dun automóbil que se converteu nun clásico, o Audi Cabrio.

O novo convertible da marca alemá equipa a grella monomarco que identifica os novos modelos da firma. Os faros traseiros, de novo deseño, danlle un atractivo visual adicional.

Tecnoloxía innovadora e altamente avanzada forma parte integral de practicamente tódalas áreas e compoñentes do vehículo: as luces de xenon Plus opcionais, coa opción tamén de luces de iluminación dinámica de curva, demóstrano, así como a tracción total permanente "quattro".

Motores e transmisións

Audi ofrece para o novo Cabrio dous motores de novo desenvolvemento con inxección directa de gasolina de tipo FSI: o 3.2 V6 de 255 CV e o dous litros de catro cilindros sobrealimentado por turbocompresor 2.0 T FSI de 200 CV. O veterano 1.8 T de 163 CV, coñecido do modelo anterior, tamén está dispoñible.

A gamma TDI abarca inicialmente o 3.0 TDI (233CV) de novo desenvolvemento, con inxección a través de conduto común ou "common rail" e inxectores de tipo piezoeléctrico.

Para transmitir a forza que proporcionan os motores, emprégase un sistema de tracción dianteira ou ben a tracción total permanente "quattro". Os clientes poden elixir entre caixas de cambios manuais de 5 ou 6 velocidades, de variación continua de tipo multitronic con sete velocidades no modo tiptronic, e a tiptronic de 6 marchas.

Mitsubishi Lancer eléctrico

Mitsubishi inscribirá un Lancer Evolution MIEV (Mitsubishi In-wheel motor Electric Vehicle; vehículos con motores eléctricos adheridos ás rodas), como vehículo de probas no Rali de Shizoku 2005 para vehículos eléctricos, que se vai desenvolver este mes na localidade de Tokushima, en Xapón. Derivado do sedán deportivo de altas prestacións, o Lancer Evolution IX con tracción total, o Lancer Evolution MIEV utiliza un sistema de baterías de ión-litio para propulsar catro motores in-wheel (adheridos ás rodas) de novo desenvolvemento.

Lancer Evolution MIEV

Novo rotor exterior do motor in-wheel

HIJOS DE C.V. OTERO, S.A.
Tel: 981 56 17 40 - 981 56 20 01
Fax: 981 58 80 70
Gómez Ulla, 16
SANTIAGO

Nuevo modelo
Piaggio M500, sin carnet.

DISTRIBUIDOR OFICIAL
PIAGGIO

Talleres
BASTON

MECÁNICA EN GENERAL
Rúa Salvador, nº 23 -
Tfnos: 981 570 182 / 981 585 627
SERVICIO DE GRÚA
PERMANENTE
Tfnos: 981 521 719 - 981 531 498

Especialista en ABS e Inyección
Vehículos 4x4 y accesorios especiales
Preparación vehículos de competición y accesorios racing

La maquinaria más avanzada en equilibrado de discos de freno
Servicio Oficial: FONOS y LUCAS

BREVES

■ **Volkswagen,** Audi e Porsche traballarán conxuntamente no desenvolvemento de motores híbridos. Os vehículos equipados con sistemas híbridos levan un motor eléctrico e outro de combustión, de forma que poden utilizar un dos dous propulsores en función das necesidades do momento, e incluso os dous á vez.

■ **A marca coreana Hyundai** está máis preto cós fabricantes europeos para lanzar un vehículo híbrido de serie, aínda que o modelo non será o monovolume Pórtico de 6 prazas exhibido no Salón de Frankfurt, senón a berlina Accent-Hybrid, que vai ser introducido no mercado de EEUU a finais do vindeiro ano.

■ **O grupo PSA** Peugeot-Citroën creará un milleiro de novos empregos na súa planta madrileña de Villaverde dentro do Plano Industrial que aplicará no período 2005-2007. nese plano establécese que o centro de Villaverde se especializará na plataforma 1 (coches urbanos) do Grupo, cuns investimentos de 300 millóns de euros.

■ **Carlos Ghosn,** presidente de Renault, poñerá en marcha o ano que vén un plan trienal para aumentar a eficiencia da marca. As metas deste plan serán aumentar o atractivo dos produtos, elevar a eficiencia na produción, as vendas e o marketing. Todos estes obxectivos teñen que conlevar un aumento da fiabilidade dos vehículos da marca.

■ **Os automóbiles** chineses están preparando o seu desembarco no noso país para o ano que vén. Segundo un voceiro dunha das empresas que os importarán, "os coches chineses serán menos baratos do que se cre, aínda que os haberá de entre 3.000 e 5.000 euros".

Volkswagen no Salón de Frankfurt: 16 primicias

Redacción
SPRINT MOTOR

Volkswagen lanza un auténtico despregamento de novidades, cun total de 16 primicias e presentacións. Aspectos interesantes: o debut do novo convertible cupé Eos, do Golf R32, do Golf GT TDI e do Golf GT e do Touran con motores FSI Twincharger (dobre sistema de sobrealimentación). Estes motores, que dispoñen dun sistema de sobrealimentación mediante un turbocompresor accionado por gases de escape e, paralelamente, dun compresor, instálanse no Golf GT (170 CV) e no Touran (140 CV). Con eles nace unha nova xeración de motores de Volkswagen. Así mesmo, a marca xermana presenta o Caddy EcoFuel e o Touran EcoFuel con motores alimentados por gas natural, así como unha nova versión do Multivan e os novos Passat, Passat Variant, ademais do Phaeton e do Touareg máis altos de gamma.

Convertible cupé "Eos"

O novo Eos de Volkswagen é o primeiro coche de catro prazas do mundo que dispón dun teito "CSC" formado por cinco elementos. Este teito ríxido pregable reúne as aptitudes de tres distintos teitos: un cupé, o outro corredizo e o terceiro convertible. Seguramente este modelo provisto deste inédito sistema de teito proporcionará pracer de condución durante os doce meses do ano, e caracterízase por unhas cualidades dinámicas extraordinarias (potencias comprendidas entre os 115 CV e os 250 CV).

Futuro Seat Altea FR

Redacción
SPRINT MOTOR

A marca do grupo Volkswagen mostrou en Frankfurt o prototipo do futuro Altea FR. Este vehículo adianta a imaxe da versión de serie que chegará ó mercado no primeiro trimestre do 2006 e inaugura a nova xeración da gamma FR da marca española.

Seat tamén inicia o lanzamento, este mes, do novo León nos principais mercados europeos.

O diésel máis potente

O prototipo do Altea FR incorpora o novo motor 2.0 TDI de 170 CV de catro válvulas por cilindro, o propulsor diésel máis potente da historia de Seat. Esta mecánica, evolución tecnolóxica do motor 2.0 TDI de 140 CV, transmite a súa potencia ás rodas dianteiras a través dunha caixa de cambios manual de seis velocidades.

Primicias mundiais de Lancia

Redacción
SPRINT MOTOR

Desfilan en primicia mundial pola pasarela de Frankfurt tres novidades da firma italiana Lancia: Ypsilon MomoDesign, Musa Platino+ e Phedra Unique Edition. Xunto a estes orixinais modelos se exhibe o prestixioso Thesis Emblema equipado co potente 3.2 V6 24 válvulas acoplado ó cambio Comfortronic. Un gran número de novidades, pois, para as que se montou un stand de deseño autenticamente italiano.

Lancia inicia con estes modelos unha etapa onde quere reafirmar o luxo e a orixe italiana dos seus deseños.

Lancia Musa Platino+

Tamén segue a tradición o automóbil exposto no Salón de Frankfurt: o Lancia Musa Platino+ que se distingue por unha carrocería bicor elegante e sofisticada, cunha combinación de cores cálidas como o Visón Stradivari, na parte inferior, e o exclusivo Marrón Caravaggio, na superior. Unha combinación atemporal, retomada con delicadeza na sala de estar interior que lembra as cores da carrocería: o revestimento en pel marrón Wengé está embellecido con detalles de cor Marfil, como as costuras e os ribetes. O resultado final é un contraste cromático novo e decidido, simplemente irresistible. Equipado co brillante 1.9 Multijet de 100 CV, o Musa Platino+ é o mellor exemplo do desexo de experimentar propio da tradición Lancia e do que naceron obras de arte "de catro rodas" que contribuíron de maneira decisiva ó desenvolvemento do deseño de automóbiles italiano.

Grupo Breogán, novo concesionario en Lugo

Miguel Cumbraos
SPRINT MOTOR

O Grupo Breogán, concesionario de diversas marcas, inaugurou o pasado xoves día 15 unhas modernas instalacións na entrada ó polígono industrial do Ceao, na vila de Lugo.

O acto, no que estiveron presentes diversos persoeiros da política e do mundo empresarial, así como directivos das principais firmas representadas, serviu para dar a coñece-lo novo espazo, de oito mil metros cadrados e cinco plantas. Nelas atopánse vehículos das marcas Kia, Ssang Yong, Saab, Subaru, Lexus, Hummer, Porsche ou Cadillac, entre outras, todo iso baixo a xerencia de José Ramón Ferreiro.

Grupo Breogán ten un cadro de traballadores de noventa persoas, repartidas nos seus centros de A Coruña, Lugo, Carballo, Ferrol e Oporto. O Grupo Breogán está no sector do automóbil dende o ano 1995. Na presentación á sociedade do seu novo e moderno edificio na vila das murallas, a verdadeira estrela foi, sen ningún tipo de dúbidas, o Porsche Carrera GT, que levantou as admiracións dos alí presentes.


Auténtica trialeira para o Crosswagon

Os músculos do Alfa coas illas Sisargas ó fondo

CROS
"Espa
Un todo ca

Juan M. Pérez
TEXTO E FOTOS

Unha iniciativa da Consellería de Medio Ambiente para dar a coñecer "Os espazos naturais" do noso país foi a escusa perfecta para probar ben a fondo o modelo máis atrevido do fabricante italiano Alfa Romeo, que colaboraba na iniciativa coa cesión do seu modelo Crosswagon Q4.

Entendan os puristas do asfalto que, cando dicimos atrevido, non nos referimos a un deportivo deses de quitar o hipo. Non, non!. Neste caso trátase dun coche que sospeitamos está no seu primeiro grao de evolución. É que somos da teoría de que a tracción total acabará sendo a da maioría dos coches no futuro, así como o aumento de volume na procura dunha gamma de utilización maior que a que ofrece a diversidade de opcións postas no mercado polas marcas. Ou sexa, menos modelos, pero con máis posibilidades. Ben, é unha teoría!

A ruta transcorría pola famosa Costa da Morte, facendo fincapé no espazo natural que é. Unha atractiva fin de semana percorrendo Baldaio, a desembocadura do río Anllóns, a ría de Lires, a praia do Rostro e a fin o Ézaro. A compaña e explicacións dun biólogo fixeron que todos gozásemos o dobre, do país e do Alfa Romeo Crosswagon.

O coche é un Alfa Romeo Crosswagon Q4, con motor Multijet de 4 cilindros en liña, 150 CV, turbodiésel common rail, que se mostrou impresionante en canto o camiño deixaba de ter aspecto de tal; mágoa duns pneumáticos máis campeiros.

Evidentemente, estamos a falar dunha tracción permanente ás catro rodas con diferencial central autobloqueante (torsen C para completar a frase), o que eleva a súa utilización de campo coa seguridade que dá rodar con tal tipo de tracción por estradas. Dende logo o comportamento do motor unido á tracción total é inmellorable. Aquí ao facer este coche, Alfa fainos lembrar a forma de traballar dos fabricantes alemáns; para "inventaren" algo novo, utilizan un produto xa existente e fiable e realizan as modificacións imprescindibles.

Os alfistas repartidos por todo o mundo saben que existe unha cidade en Italia chamada Varese, e que alá está situado o Centro de Estilo de Alfa Romeo, encargado de facer o deseño des-

❍ Fiscal
❍ Administrativo
❍ Mercantil
ASEGAL ASESORES
❍ Laboral
❍ Subvencións
❍ Familia
Telefóno: 981 80 73 01 Cacheiras s/n, 1ºA Teo (A Coruña)

SSWAGON
azo Natural"

miño para gozar da natureza

Desembocadura do río Anllóns con marea baixa

A caravana sorteando un paso complicado

te Crosswagon. Hai que miralo ben por tódolos lados porque, segundo se mire, pode resultar máis ou menos bonito. Deixarémolo á opinión de cadaquén.

Xa saben da guerra montada polas siglas en sistemas similares ou idénticos. Aquí temos a posibilidade de saber que o Crosswagon ten un control de estabilidade VDC, e un sistema antiescorregada ASR. Éste pode ser desconectado polo condutor para sortear zonas estritamente rurais, como puidemos comprobar.

O Alfa Romeo Crosswagon é un coche para unha utilización ampla, pois permite circular sen problema a boa marcha e con consumos pequenos durante a semana, e facer briosas e brillantes escapadas durante os días de lecer. Varios somos os que opinamos de que semella ser un coche feito para Galiza. Cun toquiño nas suspensións e calzando outras rodas, Alfa Romeo pode ter un auténtico 4x4.

Na praia do Rostro segue a recollerse diariamente chapapote



www.alfaromeo.es

Alfa GT. El corazón lo elige. La cabeza lo disfruta.

Súbete ahora a un Alfa GT desde sólo **25.700*** euros.

*PVP recomendado para Península y Baleares de Alfa GT 1.8 TS 140 CV. IVA, transporte e impuesto de matriculación incluidos. Emisiones CO_2 (g/km): de 178 a 295. Consumo ciclo mixto (l/100 km): de 6,7 a 12,4.

A.P.V. MOTOR
Avda. Rosalia de Castro
Telf.: 981 53 40 57
MILLADOIRO
(Santiago)

Os novos sistemas de asistencia á condución (I)

Féliz Doce
TEXTO



Todos sabemos que os vehículos viarios xogan un papel moi importante dentro dos sistemas de transporte dos que dispoñemos hoxe en día. O constituír o medio de locomoción máis utilizado da lugar a varios problemas: conxestión do tráfico, número elevado de accidentes, contaminación, etc. O obxectivo dos Sistemas de Transporte Intelixente é mellorar a seguridade, eficiencia e confort do transporte, mellorando a funcionalidade dos coches e as estradas usando as tecnoloxías da información.

Para lograr esto hai que traballar en varios niveis: aplicacións nos vehículos, na infraestrutura viaria e nas comunicacións entre os vehículos e entre cada un de eles e a infraestrutura.

Os novos sistemas intelixentes, os Sistemas Avanzados de Axuda á Condución, supoñen un paso máis; predicen e evitan un accidente que o condutor por si só non pode controlar. Puidendo contribuír ó ambicioso obxectivo da UE, plasmado no Libro Branco sobre transporte, que pretende lograr para o ano 2010, unha redución do 50% das víctimas mortais actuais. Aínda que se descoñece o incremento que terán no prezo dos vehículos, calcúlase que as primas das compañías aseguradoras para os titulares destes novos vehículos se verán reducidas entre un 20% e un 50%, e concederán bonos de desconto.

Os sistemas ACC (Adaptative Cruise Control) aportan maior comodidade na condución, sen anular a responsabilidade do usuario, que é quen, en última instancia, manteñen o control do vehículo.

Estes son algúns exemplos destes novos sistemas que fabricantes de automóbiles como Volkswagen, General Motors, BMW ou Mercedes, van incorporando ós seus modelos cada vez con máis asiduidade, e cos que tarde ou cedo nos atoparemos entre as características do noso automóbil.

Sistema de Recoñecemento de Sinais de Tráfico

A percepción de sinais de tráfico é útil para comprobar a velocidade á que se despraza o vehículo, así como estar previdos ante posibles perigos que poidan aparecer. Para a súa detección se utilizou un modelo xeométrico que ten en conta ademais da forma da sinala súa cor. Levouse a cabo un estudio da cor das sinais ante cambios debidos á iluminación e á idade do sinal.

O recoñecemento dos sinais complícase ó non estar totalmente estandarizado o seu deseño.

Sistema de Alerta ante o Alonxamento Involuntario do vehículo

A través das imaxes tomadas polas cámaras determínase a posición do vehículo respecto ás liñas que marcan os límites do carril. A alarma dispárase cando a traxectoria do vehículo se alonxa da ideal.

Para detectar os límites da estrada, se axusta a información que ven das cámaras cun modelo. Para iso búscanse zonas de discontinuidade nos niveis de gris da imaxe. Esto permite distinguir entre as que marcan o límite da vía, as que separan os dous sentidos e as que delimitan os carrís dun mesmo sentido. Gracias a elo detéctase de forma automática o número de carrís de que consta a estrada por onde se despraza o vehículo.

Música V10

De máquinas e de homes *Hominum est... barrenare*

Ramón Novo Folgueira
SPRINT MOTOR

O superLotus 79 revolucionou para sempre a técnica aerodinámica do deporte do automóbil. Sobre un principio físico que o mago de ColinChapman denominaba "algo para nada", empezouse a falar de efectosolo, *wing-car*, bandas flexibles, ala invertida, sustentación negativa, pontón estanco... Pero se o Type 79 de Ketteringham Hall se converteu no bólido definitivo, o Brabham BT46B era a máquina extrema. O sudafricano de Durban, GordonMurray, coñecido tamén por deseñar o prototipo McLaren-F1 a mediados dos noventa, fora recrutado por RonTauranac no ano 70 e construía os monopostos Brabham para BernieEcclestone desde o 73, fáciles de identificar polos costados con forma piramidal e polas colores *racing* de Martini.

Á altura do GP de Suecia estreou un mecanismo ideado para os Brabham BT46 que nin sequera os Lotus de MarioAndretti e Ronnie Peterson daban neutralizado.

Con toda discreción, tanto NikiLauda coma JohnWatson disimularon o seu potencial marcando de cerca os coches negros ata que mediada a carreira NikiLauda pasou ó primeiro posto ante a impotencia de Andretti, e sorprendido tamén porque sopraba pola retagarda a través dun gran ventilador todo canto residuo engulía o coche por debaixo. Coñecido por todos era a eiva dos Brabham para daren refrixerado aqueles ferventes motores planos de 12 cilindros da casa Alfa Romeo, polo que Murray tivo que devanarse os sesos e acabar montando uns paneis de refrixeración como substitutos dos radiadores convencionais.

Ante as imperfeccións do sistema, teimou nun dispositivo desbordante de creatividade que consistía nun gran ventilador enchufado en vertical debaixo do alerón posterior, xusto detrás dun radiador que refrescaba as culatas. Pero dentro da inocente aparencia daquela hélice ocultábase un enxeño que, tirando proveito da recente contribución de Chapman dos fondos con bandas flexibles, potenciaba os efectos da forza vertical ó aspirar coma unha ventosa o aire que contiñan os baixos da carrocería antes de expulsalo por entre as pas do que á vista era un simple ventilador. Xa JimHall, o dos Chaparral de quen Chapman importou os primeiros aerofolios, experimentara a aceleración do paso do aire á conta de motorciños que empuxaban o aire, pero a pillería de Murray foi xenial ó disfrazar a misión de succionar aire do fondo coa famosa turbina, da mesma forma ca un ventilador e fóra de toda sospeita nos Brabham de motor Alfa.

Lotus queixouse de que o BT46B peidaba sólido polo ventilador, xa que proxectaba pedriñas o todo cando sugaba do chan por onde pasaba e, aínda que o regulamento autorizaba a ventilación como sistema tradicional de refrixeración, non admitiron os argumentos de Gordon neste sentido e aplicouse con man firme a normativa de apéndices móbiles susceptibles de interferir na aerodinámica, en vigor desde os accidentes polos aleróns comandados dos Lotus 49B de Hill e Rindt en Monjuïc69. Sexa como queira, o BT46B é unha reliquia e estará presente en tódolos libros da fórmula 1 catalogado como o Brabham de ventilador *(fan-car)* ou como `a aspiradora´, falando solto.

Despois de ganar en Anderstorp sen ser descalificado, foi prohibido formalmente pola CSI por incorrer nas irregularidades que vimos, pero tamén por tomaren consciencia do que se tiña entre as mans desde o punto de vista da seguridade cando falamos de que o gran perigo aparecía paradoxalmente cando se soltaba o pé do acelerador, xa que o ventilador entraba co xiro do motor.

O "BT46B" é unha reliquia e estará presente en tódolos libros da fórmula 1 catalogado como o Brabham de ventilador (fan-car)

O do casco amarelo

O carreirón de Mónaco84 estaba programado a 77 voltas. AlainProst sae da pole. Levaba dúas victorias igual ca Lauda, compañeiro seu guiando no McLaren MP4/2. A velocidade e solidez do auto sintonizaba coas características do piloto de Saint-Chamond, encamiñado a inscribir por primeira vez o nome dun francés nos libros dourados do campionato por diante dos infortunados Wimille, Trintignant, Cevert, Laffite, Arnoux, Pironi.

O domingo apareceu un imponderable en forma de basto de auga que daría a coñecer ó mundo a identidade ocultada no Segafredo 19. Cuberto con casco amarelo, partía na posición décimo terceira. Entre toques e roscas, na fase inicial da carreira van pingando as primeiras baixas. En cabeza Prost colle distancia porque está libre de obstáculos e divisa as poceiras sen cortinas de auga.

O Toleman 19 desde a sétima fila e o Tyrrell 4 desde a décima, deixan atrás a Laffite, Rosberg e Arnoux e chegan a situarse na segunda e terceira posicións. Na volta 19 o francés do McLaren mantiña o Toleman TG184 de motor Hart a 34 segundos; na 24 a 29; na 28 achégaselle 10 segundos máis, e na 31, consumido un tercio do recorrido proxectado, aquel novo osmáballe os escapes ó asoballante McLaren.

O director da corrida, JackyIckx, toma a decisión de baixar a bandeira de cadros polas condicións extremas da pista e frustrou a escalada dos dous debutantes. Nunca se saberá se foi mellor así. Como se verá, no cómputo global, esta decisión non lle fixo favor ningún a Prost, visto que polo regulamento deportivo foi outorgada a metade dos puntos ó non terse cuberto nin a metade da quilometraxe establecida. Os dous desvergonzados, que se movían na auga coma as troitas, inscribíronse ese día na memoria dos afeccionados nun podio en loito pola princesa Grace.

Chamábanse Ayrton Senna DaSilva e StefanBellof.

JR oterocaritón
RECAMBIOS DEL AUTOMÓVIL • MAQUINARIA DE AUTOMOCIÓN • PINTURAS EN GENERAL
Polígono Industrial del Tambre - Vía Edison, 30
T 981 958 340 (8 líneas) - 981 958 342 (Pintura) Fax 981 958 341
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.oterocariton.com

STAR
SERVICIO TÉCNICO AUTOREPARACIÓN
TALLERES DEL AUTOMÓVIL

36 Rali de Ferrol

Sordo, sen rival

Miguel Cumbraos
TEXTOS E FOTOS

Primeira participación de Suárez na península, sendo o canario o mellor estatal entre os de serie

Retomaba o pulso da competición o nacional de ralis de asfalto, que visitaba Galicia por terceira vez no 2005. Era o turno do Rali de Ferrol, que voltaba ó calendario estatal despois de vintecinco anos de ausencia.

Treitos coñecidos, todos eles moi duros, compoñían o rutómetro a percorrer polos 64 pilotos que tomaban a saída. E dende o primeiro kilómetro contra o crono viuse que Dani Sordo non quería ningún tipo de sorpresa. Paso a paso foi cimentando unha victoria, a terceira do 2005, que o volve a situar no liderazgo provisional. Alberto Hevia e o seu Clio oficial non poideron en ningún intre co cántabro. Reglaxes pouco acordes, dous furazos e un problema coa dirección retrasaron ó asturiano, que non foi máis aló da sexta praza final.

A verdadeira estrela do rali foi o portugués Armindo Araújo. O piloto oficial de Mitsubishi liderou o grupo N, deu unha demostración de pilotaxe e chegou a Ferrol como segundo clasificado. O terceiro posto da xeral parecía ser propiedade do galego Luis Carballido, regular e veloz, pero a derradeira cronometrada deu un volco á xeral: Carballido saliuse, Hevia furou, Rueda accidentouse, Blach rachou a caixa de cambios, beneficiándose de todo Concepción, co seu S1600 no peldano máis baixo do pódio.

O naronés Rico fíxose co Trofeo C2 na proba de casa

Demostración do portugués Araújo, líder do grupo N

Cun coche que xa non da máis, os irmáns Vallejo foron cuartos e primeiros galegos, pese a perder tempo por culpa dunha saida, situándose na xeral por diante do primeiro grupo N hispano, o pilotado polo canario Francisco Suárez. A única copa promocional, o Trofeo Citroën C2, tivo clara cor galega, con victoria para o naronés Rico e terceira praza para o vigués Garre.

A dureza da proba departamental eliminou a un total de 26 equipos, entre os que destacaban Fuster, Ojeda, Martínez-Conde, Gutiérrez, Lemes ou Amador Vidal. A afección galega, pola súa banda, encheu as especiais nunha proba que supuxo un gran éxito para os seus organizadores, co experimentado Germán Castrillón á cabeza.

Sordo mostrouse intocable en Ferrol, vencendo outra vez en Galicia

Clasificación xeral final

1º) Sordo-Martí (Citroën C2 S-1600,1º gr. A) 1h40'41"6
2º) Araújo - Ramalho (Mitsubishi Lancer EVO VIII MR, 1º gr.N) a 1'09"9
3º) Concepción-Bello (Citroën C2 S-1600) a 4'02"5
4º) Vallejo-Vallejo (Fiat Punto S-1600) a 4'09"2
5º) Suárez-Quintero (Mitsubishi Lancer EVO VIII) a 4'49"4
6º) Hevia-Iglesias (Renault Clio S-1600) a 4'53"4
7º) Colldecarrera-Lozano (Mitsubishi Lancer EVO VIII) a 5'59"4
8º) Rico-Martínez (Citroën C2 GT, 1º Copa Citroën) a 6'27"5
9º) López Fombona-Velasco (Renault Clio S-1600) a 6'48"1
10º) Márquez-Goñi (Citroën C2 GT) a 7'05"1
ata trinta e nove clasificados

Actualidade deportiva galega

Habituais e variedades

O asturiano Oscar Palacio lidera a xeral provisional do galego de montaña

Miguel Cumbraos
TEXTOS E FOTOS

Galego de montaña

Cerdedo e Taboada

Na mesma tónica

O calendario galego de montaña continuouse no verán coas citas de Cerdedo, na comarca pontevedresa de Tabeirós-Terra de Montes, e Taboada, na comarca lucense de Chantada.

Na carreira pontevedresa o navarro Íñigo Martínez foi o vencedor, completando o pódio polo asturiano Óscar Palacio e o galego Benito Varela, liderando ámbolos dous cos seus respectivos vehículos os apartados CM1 e CM2.

Como xa acontecera noutras probas o porriñés Silvio Malvar foi o mellor no apartado de turismos, liderando á par o grupo X. Mentras Jaime Castro impoñía o seu Saxo Kit-Car no grupo A, Magdaleno era o primeiro entre os de serie, correspondéndolle esta honra no P ó Clio do ourensán Gómez Alén.

Quince días despois de Cerdedo, os habituais deste campionato citáronse na localidade lucense de Taboada para competir nunha proba que aprazárase por razóns económica no mes de abril. Martínez foi de novo o máis rápido, batendo o record e vencendo nun percorrido no que seu pai xa ganara no ano 1998. As dúas prazas de honra foron para Victor Abraham, pese a sairse na segunda oficial, e para Benito Varela, que voltou a se-lo mellor autonómico na chegada.

Mentres Palacio triunfaba entre os CM1, Silvio Malvar repetía na xeral de carrozados, como tamén facían Magdaleno (grupo N) e Castro (A), liderando esta vez o grupo P o chantadino Jorge Varela. Entre os cada día máis escasos históricos a primeira praza recaía no Mini Cooper do portugués Joao Baptista.

O EVO V de Chelis Gómez liderou os slalom de Ferrol e Amoeiro

Slalom

Amoeiro

Manda a potencia

Agosto acolleu dúas citas de slalom en Galicia, aínda que unha delas non contara para o campionato. Estamos a falar do de Ferrol, no que venceu Chelís Gómez por diante de Pedro Burgo, ambolos dous ó volante dos seus respectivos Mitsubishi, e que tivo como esceario o recinto ferial de Punta Arnela.

Centrándonos nas probas puntuables, a quinta desenvolveuse no concello ourensán de Amoeiro. Empregando o mesmo percorrido que na edición anterior, aínda que en sentido inverso, a cita viu o triunfo do citado Gómez, que impuxo o seu EVO por diante de Jaime Castro (Saxo Kit-Car) e de Jorge Pérez (BMW M3), nunha xeral que completaron vintecatro participantes.

E ademais

O galego de rali disputou onte a súa sexta manga do ano, en concreto o "XVIII Rali do Botafumeiro", do que informaremos no número de outubro. Falando de ralis, o sábado 15 dispútase o "XXI Rali de Noia", antepenúltima carreira do ano nesta modalidade, e que contará coas habituais especiais de Outes-Freixo, Montemuíño e San Finx, cunha inédita na zona do monte Iroite. Últimos coletazos están a dar modalidades como o autocross e o karting, con títulos a piques de decidirse. No eido da montaña o vindeiro mes haberá citas do Trofeo (Villozás) e do Campionato (A Escusa e Castro de Beiro).

Os seguidores do galego de ralis visitarán en outubro as estradas do Barbanza

O RUTÓMETRO

1 Máis líder. A oitava cita do nacional de ralis de asfalto, que se desenvolveu en estradas cercanas ó concello asturiano de Llanes, tan só tivo unha cor, a do C2 S-1600 de Dani Sordo. Líder no Mundial Junior, o cántabro reforzou a sua posición no certama estatal merced a unha incontestable victoria, sendo secundado por Ojeda e Hevia. Mentras Vallejo era cuarto e primeiro galego, Burgo víase obrigado a abandoar tras sairse da estrada. De Miguel liderou o grupo N, mentres Vallín impoñíase no Desafío Peugeot, encabezando as xerais destes dous apartados Colldecarrera e Guillén respectivamente.



2 Outro máis. Segue a historia sen fin do desexado circuito galego, que polo que se ve non concreta a súa realización. Dende o novo goberno faise saber que non é un tema prioritario ó menos nesta lexislatura, co cal será necesario agardar aínda máis. E por outra banda a Deputación de Pontevedra prepara un estudio nuns terreos dos municipios de Mondariz e Pazos de Borben, engadíndose deste xeito ás posibles ubicacións xa existentes.

3 Dúas mellor ca un. Madrid acolleu unha nova proba, neste caso doble, do campionato de España de ralis de terra. Vitoria nas dúas xornadas do canario Samuel Lemes, que reforza deste xeito a súa priviliexiada posición en cabeza do certame. O mellor galego foi Amador Vidal, que rematou terceiro nunha das dúas carreiras, manténdose primeiro na xeral de grupo N e segundo na EVO Cup. A victoria entre os vehículos de dúas rodas motrices correspondeu, tanto sábado como domingo, ó Fiat Stilo do piloto local Enrique Sevilla.

4 O terceiro. O piloto catalán Adam Raga proclamouse en Alemaña campión do mundo de trial, dez anos despois do último título colleitado por Jordi Tarrés. Raga e o terceiro español en acadar a máxima coroa nesta especialidade, despois do citado Tarrés e Marc Colomer. O piloto de Gas-Gas impúxose igualmente na proba galega do nacional da especialidade, que tivo como esceario o concello ourensán de Entrimo, sendo acompañado no pódio por Cabestany e Freixa.

Sprint Motor/Miguel Cumbraos
TEXTO E FOTOS

5 Segundo título. O piloto ourensán Manuel López revalidou o seu título de campión de España 4x4 tras rematar segundo na derradeira proba, que tivo como esceario a localidade xienense de Linares. Os días 15 e 16 de outubro López tera-la ocasión de facerse coa coroa do Trofeo Extreme na propia vila das Burgas onde desenvolverase o "I Extremo Cidade de Ourense", proba organizada polo clube Serauto.

6 Suma e segue. O polaco Robert Kubika está cada vez máis preto do título nas World Series despois da proba celebrada no trazado inglés de Donigton Park. As victorias na pista inglesa corresponderon ó español Vallés e o xermano Winhelhock. No que atinxe ó galego Celso Míguez rematou nos postos décimo e undécimo respectivamente, engadindo un punto na súa conta de puntos.

7 Primeiro podio. Dobre victoria do Mosler de Giao e Guerreiro na cuarta proba do ano do Campionato de España de GT, que tivo como esceario o trazado de Albacete. O vigués Pérez Fontán, que estreaba compañeiro na persoa de Jesús Díez Villaroel, conseguiu subirse ó peldaño máis baixo do caixón na segunda carreira, obtendo así a mellor performance no 2005.

8 Traxedia. O rali de Gales, proba que podía coroar a Loeb como campión do mundo, tiñouse de loito pola morte do copiloto de Markko Martin, Michael Park por mor dun golpe tras unha saída de vía do Peugeot 307 CC do estonio. Loeb decidiu penalizar voluntariamente, deixando o triunfo a Solberg e a segunda praza ó belga Duval.

Para unha mellor seguridade vial

Revise as luces do seu vehículo

Copás® AUTO -ESCOLA
FACEMOS CAMIÑO ENSINANDO A PERCORRELO
Hórreo nº 23 Santiago de Chile, 34
Telf: 981 56 22 11 Telf: 981 59 58 59
SANTIAGO DE COMPOSTELA

BERSUS
981 94 11 86

Tuning e mantemento do teu automóbil
Sánchez Freire 71, Rotonda de Conxo, Santiago

moto 93 ESPECIALISTAS EN MOTOS DE TRIAL

VENTA Y REPARACIÓN DE MOTOCICLETAS, SCOOTERS Y CICLOMOTORES
CEPEDA - OZA (TEO)
981 80 70 27 * 696 93 62 72 (MÓVIL)

PREZOS DE COCHES NOVOS

Talleres J. & M. Fernández

MILLADOIRO
Santiago de Compostela
Teléfono 981 53 11 56 - 981 53 01 24

Concesionario Oficial SUZUKI

MODELO	PREZO
ALTO 1.1	8.162
ALTO 1.1 AUT.	9.462
WAGÓN 1.3 DIESEL	12.662
WAGÓN R+1.3	10.862
WAGÓN R+1.3 AUT.	12.162
IGNIS 5P 1.3	12.162
IGNIS 5P 1.5 4X4	14.162
IGNIS 5P 1.3 DIESEL	13.662
LIANA 1.6 4X2	14.602
LIANA 1.6 4X2 AUT.	16.202
LIANA 1.6 4X4	16.202
LIANA 1.6 4X4 AUT.	18.202
GRAND VITARA 1.6	17.702
G. VITARA 1.6 AUT.	19.302
G. VITARA 2.0 3P DLX	19.710
G. VITARA 2.0 DIESEL	18.202

SUZUKI IGNIS

AUDI A2	desde	18.760 €
AUDI A3	desde	21.820 €
AUDI A3 Sportback	desde	22.570 €
AUDI A4	desde	28.050 €
AUDI A4 Avant	desde	29.350 €
AUDI CABRIO	desde	35.470 €
AUDI TT Roadster	desde	33.090 €
AUDI TT Coupé	desde	30.330 €
AUDI A6 (Nuevo)	desde	36.110 €
AUDI A6 Avant	desde	38.480 €
AUDI ALLROAD	desde	46.000 €
AUDI A8	desde	69.350 €

Brea Hervés
Ct. N-550, Km. 59-Rúa do Cruceiro, 103
A Pulleira - Santiago de Compostela
Telf.: 981 56 97 00
www.grupo-brea.com
25 AÑOS 1979 - 2004 GRUPO BREA

Alfa Romeo

Modelo		Prezo
147 nuevo	desde	14.600
147 GTA	desde	30.182
156	desde	16.603
156 SW	desde	18.653
156 SW Q44	desde	28.703
156 CROSSW	desde	31.903
GT COUPE	desde	24.800
166	desde	27.650
GTV	desde	24.827
SPIDER	desde	26.927

Alfa Romeo

APV Motor

Avda. Rosalía de Castro (Milladoiro)
Teo - Santiago
Teléfono 981 53 40 57

FABIA	desde	11.130 €
FABIA COMBI	desde	13.100 €
FABIA SEDÁN	desde	13.100 €
OCTAVIA TRADITION	desde	17.070 €
OCTAVIA TRAD. COMBI	desde	20.540 €
NUEVO OCTAVIA	desde	16.860 €
SUPERB	desde	24.150 €

Brea Automoción
Vía Edison esquina Copérnico
Pol. Ind. del Tambre - Santiago
Telf.: 981 51 97 37
25 AÑOS 1979 - 2004 GRUPO BREA

Nuevo Fox

FOX	desde	10.500 €
POLO	desde	11.325 €
GOLF	desde	14.990 €
GOLF PLUS	desde	18.965 €
GOLF VARIANT	desde	20.068 €
BEETLE	desde	19.745 €
BEETLE CABRIO	desde	24.125 €
BORA	desde	19.210 €
PASSAT	desde	21.225 €
PASSAT VARIANT	desde	24.660 €
PHAETON	desde	65.820 €
TOURAN	desde	21.085 €
SHARAN	desde	29.185 €
TOUAREG	desde	46.350 €

Brea Hervés
Polígono del Tambre - Vía Isaac Peral, 8-10
Santiago de Compostela
Telf.: 981 55 29 00
www.grupo-brea.com
25 AÑOS 1979 - 2004 GRUPO BREA

NESTA PÁXINA ATOPARÁ OS MELLORES PREZOS DO MERCADO DO AUTOMÓBIL

Nuevo León

Si la carretera pudiera sentir

IBIZA	desde	11.305 €
CORDOBA	desde	12.654 €
LEON	desde	16.190 €
ALTEA	desde	16.195 €
TOLEDO	desde	17.295 €
ALHAMBRA	desde	23.460 €

Brea Motor
Polígono del Tambre - Vía Pasteur, 6
Santiago de Compostela
Telf.: 981 55 26 00
www.grupo-brea.com
25 AÑOS 1979 - 2004 GRUPO BREA

Talleres J. & M. Fernández

MILLADOIRO
Santiago de Compostela
Teléfono 981 53 11 56 - 981 53 01 24

Concesionario Oficial KIA

MODELO	PREZO
PICANTO 1.0 LX	8.980,00
PICANTO 1.1 LX	9.580,00
PICANTO 1.1 EX	10.000,00
RIO 1.3 5P RS	10.915,00
RIO 1.3 4P LS	11.515,00
RIO 1.5 5P LS	12.060,00
CERATO 1.6LX4P/5P	14.101,00
CERATO 2.0 EX 4P	17.100,00
CERATO 2.0 EX 5P	17.600,00
CERATO 2.0 CRDI LX 4P/5P	15.801,00
CERATO 2.0 CRDI EX 4P	17.801,00
CERATO 2.0 CRDI EX 5P	18.300,00
MAGENTIS 2.0 EX	21.725,00
OPIRUS 3.5 V6 EX	30.000,00
CARENS 1.6 LX	16.230,00

A ACTUALIDADE DO MOTOR

Tódolos dereitos reservados. Esta publicación non pode ser reproducida ou rexistrada por ningún medio mecánico ou electrónico sen o permiso previo, e por escrito, da Editorial.

Redacción e administración:
URBANIZACIÓN SAN SADURNIÑO, RÚA B, Nº 21
TEO (A CORUÑA).
Teléfono 981 801 458

Sprint MOTOR

Os pilotos do Equipo Fortuna Racing móllanse

Cambiaron o circuito polo mar

Fernando Cuadrado
SPRINT MOTOR

A chamada do mar durante a época estival é inevitable, tamén é unha boa forma para promocionar distintos equipos e eventos. Fortuna Racing aproveitou a mestura de verán, mar e pilotos de motos para facer unha travesía náutica polo Mediterráneo.

Toni Elías, Rubén Xaus, Jorge Lorenzo e Héctor Barberá realizaron unha espectacular travesía dende a localidade peninsular de Denia ata Ibiza, con motos... pero esta vez de auga.

Os catro pilotos subiron enriba das súas motos acuáticas moi cedo pola mañá, coa intención de poder cruzar as cristalinas augas do Mediterráneo. Navegaron cun ritmo realmente alto, feito que lles permitíu realizar a travesía de 60 millas ó longo de catro horas de duración. Tres barcos de apoio formaron parte do séquito que seguiu ós pilotos de motociclismo. Con ondas de máis dun metro e medio, a expedición formada en total por 15 motos de auga, viviron inolvidables momentos en alta mar mentres navegaban rápido e nunha ríxida formación para evitar contratempos.

O piloto Jorge Lorenzo comentaba ó final da travesía "Encantoume! Foi unha experiencia marabillosa, sufrimos pero pagou moito a pena. Nun principio as previsións climatolóxicas non eran moi boas pero unha vez que nos subimos á moto o bo tempo seguiu acompañándonos ó longo de todo o traxecto". A única queixa viña doutro piloto, pois Héctor Barberá comentaba "O único problema creo que serán as maniotas que mañá imos ter cada un dos navegantes".

Tómate tu tiempo:

Nuevo Croma. El nuevo gran Fiat.

FIAT

D. ¡Es correcto!. El nuevo Fiat Croma es italiano y ha sido **diseñado por Giugiaro**. Incorpora la gama de **motores diesel Multijet Euro 4** con filtro antipartículas y **hasta 200CV**. El nuevo Croma no sólo ha inventado un **nuevo concepto del confort** y una **accesibilidad a los asientos sin precendentes**, sino que también incorpora **los más modernos sistemas de seguridad** tanto activa como pasiva: hasta 9 airbags, cabina indeformable, ABS, EBD, ESP con ASR y MSR, HBA y HILL HOLDER.

Consumo mixto (l/100Km.) /Emisión de CO_2 (gr./Km.). Directiva CE 1999/100: Gama Croma: de 6,1 a 9,7 / de 160 a 229.

NOYASTAR CONCESIONARIO OFICIAL

Exposicion y Taller: Polígono Industrial del Tambre • SANTIAGO - Tel.: 981 577 778

HYUNDAI CONCESIONARIO OFICIAL

XACOBEO MOTOR, S.L.

GETZ 1.5 CRDI GL 3P 82 CV	**FEBRERO05**	**KM 0**	**9.800 euros**
MATRIX 1.5 CRDI GLS ABS 102 CV	FEBRERO05	KM 0	12.600 euros
GETZ 1.1 GL 5 P AA 63 CV	**FEBRERO05**	**KM 0**	**9.000 euros**
SANTA FE 2.0 CRDI 4X4 112 CV	DICIEMBRE04		21.500 euros
ACCENT 1.5 GLS 5P 102 CV	**2004**		**9.000 euros**
GETZ 1.5 CRDI GLS FULL 3P 82 CV	2004		10.500 euros

>> Exclusivos Vehículos de Flota <<

Teléfonos: 981 56 96 32 - 981 56 96 30 – Boisaca - SANTIAGO